

2º CONCURSO DE RELATO FILOSÓFICO

DECONSTRUÍNDO O AMOR ROMÁNTICO

PRESENTACIÓN DO TRABALLO

- Constrúe un ensaio, un discurso ou un relato PROPIO e ORIXINAL sobre o amor tratando de revisar ou desmontar algúns dos mitos e estereotipos que circulan na nosa sociedade sobre este sentimento (o mito da “media laranxa”, a idea de que os celos son sinal de amor, a imaxe idealizada e heteronormativa que se desprende das películas, etc.).
- O concurso vai dirixido ao alumnado matriculado no centro en 3ºESO e 4ºESO, e Bacharelato, ás/aos nais/pais con nenos/nenas matriculados/as no centro, e ao profesorado e persoal non docente do centro (agás o profesorado docente do departamento de Filosofía).

BASES DO CONCURSO

ASPECTOS FORMAIS DO TRABALLO E TEMPOS

- 1 Presentaranse en sobre pechado tamaño DIN A3, baixo pseudónimo. O pseudónimo elixido deberá ser o nome dun/ha filósofo/a ou literato/a seguido dun número de cinco cifras.
- 2 O sobre que conteña o traballo deberá ter escrito por fóra só dito pseudónimo co número de cinco cifras.
- 3 Dentro do sobre irá o traballo xunto con outro sobre pechado máis pequeno, o cal levará escrito por fóra o pseudónimo, o número de cinco cifras e máis a modalidade de participación A, B, C ou D segundo corresponda. Este sobre pequeno

- conterá no seu interior o nome real do/a autor/a real que presenta o traballo.
- 4 No momento de declarar os premios publicamente, só se abrirán os sobres pequenos das persoas gañadoras, e o resto de sobres destruíranse.
 - 5 Cada persoa pode presentar un único traballo.
 - 6 A extensión máxima do traballo será de ata tres páxinas, en letra tipo Arial, tamaño 12 e espazo 1,5.
 - 7 Os traballos deixaranse na caixa habilitada para tal efecto na conserxaría do centro.
 - 8 A data última de entrega será o venres 18 febreiro ás 20:00 horas. O xurado valorará os traballos presentados entre o 19 e o 24 de febreiro, e a publicación das persoas gañadoras, xunto coa entrega de premios, será o venres 25 de febreiro.
 - 9 Os traballos gañadores expóranse (co permiso das persoas autoras) no panel de exposicións do centro.
 - 10 Garántese o segredo dos traballos presentados nos termos destas bases.

XURADO

Estará composto polos membros do departamento de Filosofía, que valorarán os traballos presentados de acordo cos seguintes criterios:

- I. Orixinalidade do discurso.
- II. Conexión interna do relatado e retórica.
- III. Recursos bibliográficos.
- IV. Capacidade crítica.
- V. Corrección gramatical e ortográfica.

PREMIOS

- Concederáse un premio para cada unha destas catro modalidades:
 - Modalidade A: Alumnado 3ºESO e 4ºESO
 - Modalidade B: Alumnado de bacharelato
 - Modalidade C: Nais e pais.
 - Modalidade D: Profesorado e persoal non docente.
- Para as modalidades A e B o premio deste ano consistirá nun exemplar do cómic *No sienta nada* de LIV STRÖMQUIST, xunto cun vale de 50 euros para investir nunha tenda deportiva da comarca.
- Para as modalidades C e D o premio deste ano consistirá nun exemplar do cómic *No sienta nada* de LIV STRÖMQUIST.